

Rogos e preguntas do Pleno de setembro de 2022

Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.

Pregunta: Na resolución de Alcaldía correspondente ao decreto 2022-1243 relativo á aprobación da nómina de agosto, no apartado de "incremento nómina polo concepto de gratificacións", aparece un importe de 3.108 € que se lle aboan a un traballador do Concello. Ese importe é correcto ou trátase dun erro de transcripción? No caso de que a cantidade de 3.108€ sexa correcta, cales son os motivos ou razóns debidamente xustificadas que levan a Alcaldía a propoñer un pago tan elevado en concepto de gratificacións?

Resposta: É correcto, trátase dun traballador que levou a cabo funcións e labores por riba das habituais.

Pregunta: O 12 de xullo publicábase no Faro de Vigo noticia do concello de Bueu informando da visita do Alcalde, Félix Juncal, ás obras que se estaban acometendo no Pavillón Municipal Pablo Herbello. A noticia viña acompañada dunha fotografía do alcalde na cuberta da instalación, onde se aprecia o incumprimento das medidas de protección e seguridade establecidas por lei (utilización de casco, zapato de seguridade, arneses etc.). Tiña coñecemento a empresa adxudicataria da visita do alcalde?; De ser así, cantas persoas formaban parte da comitiva que visitou a obra? Os responsables da empresa deron as instrucións oportunas de cara ao cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade laboral para accederá obra?. Por que o Alcalde accede á obra sen cumprir coas medidas de seguridade obrigatorias?

Resposta: Dado que as persoas implicadas na pregunta non se atopaban ao recibir a mesma (hoxe ás 13:09) non foi posible responder as mesmas. Responderanse no seguinte pleno.

Pregunta: Cal é a departamento do Concello que tramita o expediente de contratación das obras relativas ao estacionamento de caravanas e autocaravanas na Achadiza?

Resposta: Ao tratarse dun contrato menor, tramítase desde Alcaldía.